# ALOUMIÑOS

LETRAS GALEGAS 2011




N 26 - ANO XX - CEIP DE PONTE SAMPAIO 2011

Saúdos queridos lectores e lectoras!

Marca xa o calendario o momento da miña presentación, como acontece no remate de cada curso. Aquí estou e comigo traio unha mostra dos traballos e actividades que, ao longo de tantos meses, se foron realizando no centro.

Sendo o 2011 ano internacional dos bosques e da química, quero enviar unha mensaxe de recoñecemento a tódalas persoas que adican os seus esforzos e o seu saber á defensa e protección dos bosques e do medio natural.

Felicitar a tódolos nenos, nenas e profesorado por tantos e tan bos traballos e para o grupo de 6º, que se incorpora á ESO, transmitir os mellores desexos na súa nova andaina.



## 50 aniversario da morte do xenial violinista pontevedrés Manuel Quiroga



Manuel Quiroga Losada naceu en Pontevedra o 15 de abril de 1892. Animado pola súa familia estudou violín en Madrid e París.
Con 16 anos acada o número un nas probas de acceso ó Conservatorio de París. En 1911 obtén o primeiro premio de violín de dito Conservatorio, o que lle permite dar os seus primeiros concertos por Francia e España.

En 1914 viaxa por vez primeira a América, onde é coñecido como "o mago do violín". Percorre Cuba, Canadá, os Estados Unidos e Iberoamérica acompañado da que será a súa esposa, a pianista francesa Marta Leman.



El día 25, embarcó en el Hawre, para Nueva York, el genial violinista pontevedrés Manolo Quiroga.
Quiroga, realizará en Norteamérica, una larga tournee artística.

A súa carreira viuse truncada en xullo de 1937 ao ser atropelado por un camión en Times Square (Nova York), ó volver ó hotel despois dun concerto. Decidiu entón refuxiarse na pintura e a composición. En 1959 trasládase definitivamente a Pontevedra, á casa familiar, onde falece o 19 de abril de 1961.



MÚSICA

El violinista Quiroga, imposibilitado

Vigo, 10.—El violinista gallego Manuel Quiroga, recién llegado de París, fijará su residencia en Pontevedra, su ciudad natal. Quiroga difícilmente podrá volver a tocar por la creciente inmovilidad de su brazo izquierdo a consecuencia de un atropello de automóvil que sufrió en Pensilvania en junio de 1937. Actualmente Quiroga se ocupa en componer música.—Cifra.

Recoñecido internacionalmente como o mellor violinista do seu tempo recibiu importantes condecoracións, entre as que destacan o nomeamento como *Caballero de la Legión de Honor Francesa* e a *Orden de Alfonso X el Sabio.*

## O astrónomo Ramón María Aller protagoniza o "Día do Científico Galego".

*A efeméride vén recoñecer o seu papel de introdutor da Astronomía como disciplina científica en Galicia e como iniciador dunha importante escola de investigadores neste campo de coñecemento.*



Ramón María Aller Ulloa naceu o 3 de febreiro de 1878 no pazo de Filgueiroa (Lalín, Pontevedra). Ós vinte anos acada o doutorado en Teoloxía e é ordenado sacerdote. Con 26 anos obtén a licenciatura en Ciencias Exactas pola Universidade de Madrid, e neste mesmo ano constrúe en Lalín o primeiro observatorio astronómico de Galicia.

En 1939, é encargado de explicar Xeometría e Análise Matemática na Universidade de Santiago e cinco anos máis tarde créase para el a Cátedra de Astronomía. Don Ramón dispón xa dun observatorio na Universidade. Nel prosegue os seus estudos do firmamento, en estreita relación cos principais astrónomos europeos do momento, non en van dominaba dez idiomas.

Membro da Academia das Ciencias Exactas de Madrid, da Comisión da Astronomía e doutras institucións mundiais; inventor de aparellos de observación e de medición; foi nomeado catedrático e director vitalicio do observatorio de Santiago, coengo honorario, e fillo adoptivo da cidade.

Faleceu o 28 de marzo de 1966, cando contaba 88 anos de idade.



Monumento a Ramón Mª Aller en Lalín. Obra de Francisco Asorey

## OS NOSOS MESTRES



As mestras de infantil tiñamos moito interese por saber o que opinaban os nosos alumnos-as de todo o seu profesorado, así que decidimos preguntarllo e estas foron algunhas das súas respostas:

☺ Nos llevan de excursión.

☺ Ás veces dannos caramelos.

☺ De vez en cuando son buenos y la otra parte de vez en cuando son malos.

☺ Nos ayudan a pensar.

☺ Siempre nos castigan en la silla por gritar y no escuchar al encargado.

☺ Son buenos porque nos hacen cosas muy buenos.

☺ Nos dicen que hay que dibujar.

☺ Nos riñen por nuestro bien.

☺ Son muy buenos porque tenemos buena suerte con ellos y porque a veces nos hacen caso y nos quieren y porque todo y porque si.

☺ Nos enseñan a escribir nuestros apellidos.

☺ Dannos bicos.

☺ Pueden avisar a los que me están pegando y castigarlos.

☹ Yo no sabo nada porque vosotros ya sabéis todo !!!

# ESTES SON OS NOSOS PROFES






# A LAGOA

Aquela mañá de Primavera cando abrín os ollos e saín á porta da casa mirei un lago no monte. Que fai ahí un lago? Como se faría? No lago había unha cigoña branca. Que fara alí a cigoña? Estará pescando ou vaise bañar???

Teño que investigar, xa.

Acercase unha tronada. A cigoña vaise, e o lago... onde esta o lago?

Non o miro. Foise. Como pode ser?

Ao día seguinte era un día soleado e estaba a cigoña e o lago.

Ah! Xa sei. O lago ten medo a choiva. Pois si, ten medo a choiva. O comprobarei. Que pena ter medo a choiva! Non é moi normal ter medo a auga da choiva. Pero... que podo facer?

Xa sei, vou coller un plástico, unha corda e catro paos. Mans a obra.

Despois de traballar algunhas horas acabei.

Agora nunca máis choverá no lago.

Álex



# UNHA BOA DECISIÓN

O día era soleado. Cando abrín a fiestra do meu cuarto vin a fermosa praia e na area un pequeniño ovo se abría e apareceu unha tartaruga de auga. Pero... achegábase un falcón. Pensei que o falcón quería comer a tartaruga, así que xusto antes de que o falcón empezara a baixar para comela collín a tartaruga e leveina para dentro da miña casa.





A tartaruga era moi pequeniña e parecía moi nerviosa así que fun ao faiado e collín o meu vello acuario, boteille auga e area, e despois metín a tartaruguiña dentro.

Pedinlle a miña nai que me levara a tenda de animais para comprarlle comida e algo para entretela, e a miña nai dixo

-Que tartaruga?

-Unha que collín para que non a comera un falcón.

-Bueno, vale.

Despois ao chegar da tenda boteille a comida e parecía que estaba na súa casa.

Tres anos despois a tartaruga estaba moi grande e tivemos que votala ao río, a min costoume moito pero ao chegar boteina e mireina alonxarse río arriba.

Un bo día de verán fun ao río a bañarme e nunha pedra vin a miña tartaruguiña, recoñecina porque no caparazón puxeralle unha pegatina que parecía un diamante.

Collina e ensineilla a miña nai.

Ela alegrouse de vela e acarici-



ouna con tenrura e casi chora da emoción.

Pero tiven que levala outra vez.

Agora cando me baño no río sempre a vexo e xogo con ela, e na area, cando estou facendo un castelo, ela vai alí e parece un adorno. Ainda que cando marcho da praia sempre a vexo alonxarse ata a súa pedra onde sempre queda durmida.



# UN SOÑO INCRIBLE

Un gran resplandor fixo que a miña mirada se dirixira a un gran castelo no ceo, enriba dunha nube verde como a herba. Contemplaba eu o castelo cando dous unicornios, ben bonitos por certo, que falaban entre eles acercasonse e dixeronme:



- Ven con nos ao reino das nubes, alí trata remoste moi ben! e veras o mundo dende arriba.

Montei no corno dun animal e voamos ao castelo. Despois dun minuto

chegamos e vin unha reina. Bueno, era unha bruxa e só me quería para facerme ecraba e non poder facer o que eu quixera. Alí vivín algun tempo e dende alí arriba via como choraban os meus pais. Decidín loitar para poder estar con eles. Pero pensei que era imposible con esa bruxa chamada Carabá. Carabá era mala. Os unicornios tamén eran escravos e xuntos ideamos un plan. O plan era dificil levalo a cabo porque a bruxa tiñanos vixiados. Entonces desperteime e era todo un pesadelo, pero un pesadelo dos que peor tuven.

CLARA

# VISITÁRONNOS E AGASALLÁRONNOS CO SEU TALENTO ...

## JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO






**Jacobo Fernández Serrano** (Vigo 1971) é licenciado en Belas Artes na especialidade de pintura pola Universidade Complutense de Madrid; ilustrador, pintor, debuxante e creador de banda deseñada.

Como autor de literatura infantil publicou os libros *A gardería de dona Bixelmina*, *A pedra e as formigas* e *Mil cousas poden pasar* ,premio Merlín de literatura infantil (2009).



É, tamén, autor da serie de banda deseñada "Os amigos de Archimboldo Roque". Ademais de libros de literatura infantil ven realilzando traballos de ilustración de libros de texto, dicionarios, guías de natureza, carteis ou ilustracións para televisión.

## TERESA GONZÁLEZ COSTA






**Teresa González Costa** (O Grove, 1975). Licenciada en Filoloxía Inglesa e Italiana. Realizou, en paralelo, unha formación teatral, tanto en Galicia como en Italia e Francia. É autora de pezas de teatro publicadas en Fervenza e Laiovento. Despois de ser mención especial no certame Barriga Verde 2004, e finalista no Rafael Dieste 2005, acadou no 2008 o XVII Premio Álvaro Cunqueiro con *Sempre quixen bailar un tango* (Xerais 2009) e o III Premio Manuel María de literatura dramática infantil con *Pingueiras e tarteiras* (Xerais 2009). En 2010 obtén o XXV Premio Merlín de Literatura Infantil con *A filla do ladrón de bicicletas* (Xerais 2010)





# COGOMELOS




Este ano o chegar o outono os alumn@s de 3º ciclo estivemos estudiando os cogumelos. A verdade que é un mundo apaixoante, é incrible a cantidade de variedades que hai e o perigosos que poden chegar a ser.

O primeiro que nos explicaron son as súas partes, é moi importante coñecelas ben porque gracias a elas poderemos distinguir despois uns cogumelos doutros, es así non correr o risco de envelenarnos.

Explicáronnos como recoller cogomelos suliñaron a importancia de levar unha navalla para cortalos pola base do pé, desta maneira non dañarémolo micenio e poderan volver sair novos cogomelos no mesmo sitio. Tamén é importante metelos nunha cesta con buracos para que o transportalos vaian caíndo as esporas que son como as súas semillas.



Este tipo de información déronnola porque tiñamos previsto ir ao monte a recoller cogomelos para facer unha exposición, pero o día que iamos sair era día de caza e non poidemos e despois non parou de chover.

Ensináronnos os mais comúns dos nosos montes, os champiñóns, os boletus, as lepiotas, cantarellus…pero o mais bonito era a amanita muscaria, que é coñecida por distintos nomes: seta dos ananiños, escornabois… O de escornabois é porque este cogomelo e moi alucinóxeno e incluso as vacas co seu grande tamaño cando o comen parecen tolas e que andan escapando de algo, cando as moscas se pousan enriba quedan como mortas polo efecto do seu veleno.




Falamos tamén da Amanita Phalloides que é a responsable do 80 % das mortes pola súa apariencia vulgar.

Tamén nos contaron que hai varias maneiras de conservalos: desecados, en polvo, en aceite e conxelados.

Como xa sabiamos como recoller os cogomelos mandáronnos traer os que encontraramos preto de casa, de esta maneira atopámonos ante unha gran variedade de cogomelos, e a verdade que non resultaba nada doado clasificalos. Foi entonces cando veu o colexio Pablo, un experto micólogo da asociación "Vai polo rio", coa súa axuda



clasificamos os cogomelos e fixemos unha pequena exposición no colexio acompañada dun gran mural no que participaron tódolos alumnos do centro. Os mais cativos fixeron uns preciosos cogomelos que adornan as escaleiras de subida ao segundo piso do cole, os de primeiro fixeron un comic no que nos explican como recoller os cogomelos, os de segundo fixeron uns preciosos debuxos das setas mais comúns dos nosos montes, os de 2º ciclo fixeron unha poesía acompañada de fantásticos debuxos e os de 3º ciclo fixemos o resto do mural.

No mural fixemos un apartado no que in cluimos curiosidades sobre os cogomelos, sabíades que o ser vivo mais grande que existe é un fungo que mide coma 890 campos de fútbol e que ten 2800 anos de idade? A penicilina e outros antibióticos proceden dos fungos, o 20 % das intoxicacións non son por cogomelos velenosos, senon por cogomelos en mal estado.



Sobre os cogomelos existen cantidade de ditos e refráns pero non debemos facerlle caso porque a única maneira de saber se son velenosos ou non é o seu perfecto coñecemento. Algúns de estos ditos falsos estan recollidos no mural e son os seguintes:

É FALSO QUE. tomando leite despois de xantar cogomelos neutralízase o veleno,

É FALSO QUE os cogomelos velenosos sempre teñen anel e volva,

É FALSO QUE os cogomelos velenosos sempre teñen cores intensas…



Por último intentamos cultivar champiñóns e pleurotus no colexio pero o resultado non foi moi bo.

A actividade estivo moi ben , aprendimos a importancia de coñecer os nosos cogomelos e sobre todo de non probalos sen estar seguros da sua comestibilidade porque como di o dito:

TÓDOLOS COGOMELOS SON COMESTIBLES, O QUE PASA QUE ALGÚNS ... **SOAMENTE UNHA VEZ.**

*Alumnado de 6º*

COMO TODOS BEN SABEDES, CASE SEMPRE NOS GUSTA VIR Á ESCOLA, PERO O QUE MÁIS NOS GUSTOU DESTE CURSO AOS NENOS E NENAS DE 5 ANOS FOI:

1. XOGAR MOITO, SEXA AO QUE SEXA:

REODITAR
RECUNCHO (de) PINTAR





XOGAR CO ORDENADOR



PUZLE ORDENADOR
COSINITA

2. IR DE EXCURSIÓN, AO TEATRO, AO CASTELO, CONTACONTOS... (DANOS IGUAL A ONDE).

PDBAOS EOBO

ESOIO
EXCURSION CASTILLO

AESCURSONPOCASTELODESOUTOMAIOR







EL TEAROДEPEDOROIELOBO

3. APRENDER MOITAS COUSAS, SOBRE TODO SE SON NOVIDOSAS.

TO DO SO BRE
E LAGUA







MEGUSTO TODAS LASCOSAS

# O CICLO DA AUGA

1º



O Sol quenta as augas dos ríos, mares lagos. E o vapor sube en forma de gotiñas.

2º

A auga evapórase e forma as nubes.



3º

O vento leva as nubes cara o interior, cando se arrefrían as nubes chove ou neva





4º



A auga da chuvia chega a os ríos e tamen se forman ríos subterráneos.

5º



A auga dos ríos, da choiva, da neve e as augas subterráneas xúntanse para desembocar no mar.

Nenos e nenas de 2º

# SALÓN DO LIBRO 2011



## "É MENTIRA"





Que tal?
Os de aquí ao lado somos o 2º Ciclo cando iamos saír do Pazo da Cultura, despois da nosa visita ao Salón do Libro.

O certo é que a visita foi un chisco curtiña, pero deunos tempo a ver a montaxe do noso Cole ``**Pedro e o monstro**´´ e algunhas exposicións.

O máis divertido foi o Obradoiro de mentiras (este de aquí ao lado).
Dixemos unha mentira cada un e logo d e b u x a m o s mentiriñas .
Como?
Mirade…..



# Descubrimos que ...



nunha serpe

A lúa pode converterse





ou nun dinosaurio.









Tamén que un coelliño pode ser unha pinza.

Ou un globo transformarse nun peixe.

E mesmo que unha cunca...





Pode ser unha piscina

## Vedes? As mentiras pódense debuxar !!!

Alumnado do 2º ciclo

# OS BODEGÓNS

Os nenos e nenas de 5 anos estivémoslle explicando, repetindo e discutindo á nosa profe que un bodegón era un bar, un tipo de restaurante sen menú... e incluso, se ela quería, unha bodega grande. Pero ela erre que erre non nos fixo caso e mirade o que nos mandou debuxar:





LA FRUTA JIGANTES



LA FUTAQNOSOME
LA FRUTA QUE NO SE COME.







CADRO BNUNEADRO



FRUTEIRO



EOHAUS
CUENTO DE LAS FRUTAS



ƎL PUNNBLPFUPA
(LA PUPA DE LA FRUTA, )

Iso si encantounos facelo con distintas técnicas: carboncillo, ceras grosas, acuarelas, témperas...







# Our Last School Year

( Resumen de actividades del curso)



In October we had a Halloween party and decorated pumpinks. We dressed up as witches, skeletons … and we frightened the rest of de pupils at school.

*En octubre tuvimos una fiesta de Halloween y decoramos calabazas. Nos vestimos de brujas, esqueletos ... y asustamos al resto de los alumnos del colegio.*



We celebrated “Magosto” in November. We ate chestnuts

*Celebramos el Magosto en noviembre. Comimos castañas.*

For Christmas we had a festival and we sang the song ‘White Christmas’

*En Navidad hicimos un festival y cantamos la canción ‘Blanca Navidad’.*



We went to Pontevedra for the “Peace Day” in January. We meet boys and girls from different schools.

*Fuimos a Pontevedra el día de la Paz en enero. Conocimos a niños y niñas de diferentes colegios.*

In February we celebrated Carnival and we dressed up as Charlie Chaplin...etc.

*En febrero celebramos el Carnaval y nos vestimos como Charlie Chaplin ... etc*







We visited the museum in Pontevedra. It had a special cabin from an old ship.

*Visitamos el museo en Pontevedra. Había una cabina especial de un viejo barco.*

**Alumnado de 6º:** Kevin, Nerea, Elías, Ángel, Adrián, Valeria, Xoel, Ainhoa.

O 19 de decembro fomos cos nosos compañeir@s de 5º á granxa escola o Kiriko. Esta granxa está situada no concello de Fornelos de Montes, así que Ben tempraniño collemos o autobús e arrincamos. Ao chegar, metéronnos nunca sala onde nos explicaron o que íamos facer durante todo o día.



Primeiramente xogamos a adiviñar de que animal se trataba escoitando o ruído que facían: aguias, raposos, xabaríns….Despois fomos a coller distintos tipos de follas para intentar extraerlle a clorofila mediante un pequeno experimento. A continuación fomos ao bosque a aprender os distintos rastros que deixan os animais, sentámonos a carón dun riachuelo e alí Peque (a monitora que nos guiaba), explicounos cousas moi interesantes sobre a natureza. De regreso as instalacións atopámonos con moitos animais.







Chegou o momento da comida, de primeiro tomamos croquetas, e logo macarróns con carne picada. De postre podiamos elixir entre iogurt de fresa ou plátano. Foi sumamente exquisito, aquelo era a "creme da creme".

Despois saímos ao parque a xogar e a descansar da dura camiñata, logo voltamos ao taller a facer un papanoel cun rollo de papel hixiénico, a verdade e que nos veu moi ben para decorar as nosas casas tendo en conta a proximidade das datas navideñas.





Por último levávonnos a coñecer a máis animais, pero esta vez algúns non eran típicos de Galicia. Vimos faisáns, galiñas moi raras (unha se parecía a Elvis), pavos, coellos… Pero o que máis nos chamou a atención foi un precioso mapache que che metía as mans nos bolsillos para intentar roubarte. Tamén voltamos pasar por onde estaban os animais domésticos e puidemos tocar as cabras, vacas, burros….

Ao final recollemos as nosas cousas e marchamos. Unha verdadeira pena, pois a excursión foi incrible,

*Alumnado de 6º*

# TEXTOS TURULATOS

A ra Ramona
ramas roía,
roe e roe
e as ramas rompía.
A ra Ramona
ría e ría
e coa risa
rodou pola ría.
A ra Ramona
rodaba e rodaba
e tanto rodou
que rachando rematou.






Lúa Lueira
Lúa Larpeira
Lúa Ladra
Lúa Leiteira
lapaba, lapaba
e coa lingua libaba:
laranxa, limóns
landras e liróns.

Despois de durmir
doenme os dedos.
Despois de despertar
debédesme dar:
doce dociños,
un dedal dourado,
diñeiro, diñeiro
moi duradeiro.




Doce duriños
debédesme dar;
durmirei, durmirei
ata despertar.




Alumnado de 5º


Os
POKEMON
salvan
a Xapón


Ola! Son Lugia:
Nós os Pockemons imos vos amosar o que poderia ter pasado en Xapón se nós estivésemos alí mesmo.
Xa sabemos que somos só debuxos, pero coa imaxinación podemos facer moitas cousas.
Que disfrutedes do cómic!


SON REGICE E VOU CONXELAR O REACTOR 2
Son Claidon e farei unha barreira para que o tsunami non afecte a cidade
Son Pidgeota
Eu tamén axudo a alegrar á xente triste polo que pasou.
SON HORSEA
EU VOU AXUDAR A OS MEUS AMIGOS A PARAR O TSUNAMI
Ola, son Squirtle.
Eu vou enfriar o reactor 3.
Ola, son Lucario e voulle dar un aura mellor ás persoas
OLA: SON RAIQUAZA E COA MIÑA POTENTE COLA VOU TIRAR OS ENTULLOS AO MAR
Ola: Son PIKACHU e vou absorber toda a radiactividade.




*Alumnado do 2º ciclo*

ALOUMIÑOS

# SAKA PATÚ

O 29 de outubro de 2010 os alumn@s de 2º e 3º Ciclo fomos de excursión a Pontevedra a ver un concerto de música andina. A música andina é aquela pertencente á cordilleira



dos Ándes. Esta cordilleira esténdese ao longo de Arxentina, Bolivia, Chile, Colombia, Ecuador, Perú e parte de Venezuela, por tanto esta música é moi rica e variada.







Durante o concerto os músicos fixeron unha representación na que mostraban a música precolombina, a música española desa época e a música resultante da mestura das dúas culturas que se deu a raíz do descubrimento de América. Tamén tocaron músicas típicas dos escravos africanos.

Despois ensinéronnos os instrumentos típicos do seu folclore: A quijada, o charango, as chajchas, o pau de choiva, o bombo andino, a caixiña, o caixón peruano, a frauta de pan….e mostráronnos como soaban.







O que máis nos chamou a atención foi a quijada, pois é a mandíbula dun burro.

Despois todo o auditorio cantou a canción de "Poco a poco" que xa prepararamos previamente na clase de música.

O concerto estivo moi ben, foi moi divertido e entretido e aprendemos moitas cousas sobre outra cultura. Oxalá teñamos máis excursións como esta.

*Alumnado de 6º*

# COIDADORES DE VERMES

NA CLASE DE INFANTIL DE 3 ANOS APARECERON UNS OVOS; AO POUCO TEMPO NACERON VERMES DE SEDA AOS QUE COIDAMOS CON MOITO AGARIMO E DEDICACIÓN... XA SOMOS EXPERTOS! ALGÚNS XA FIXERON O CASULO CON FÍO DE SEDA, DENTRO DO CAL DURMIRÁN ATA CONVERTERSE EN FERMOSAS BOLBORETAS.

AQUÍ VOS DEIXAMOS ALGUNHAS INDICACIÓNS PARA O SEU COIDADO:

COLLEMOS FOLLAS DE MOREIRA






LAVAR E SECAR






DARLLES DE COMER






CoIDALOS PO SOL DAAUGA E DAS FORMIGAS







LIMPARACAItA

NON MOLESTALOS





# Foron noticia



Ana Mª Matute

## PREMIO CERVANTES 2010

Escritora e profesora de universidade, naceu en Barcelona o 26 de xullo de 1925. Famosa novelista é a terceira muller que recibe o Premio Cervantes (2010).

O 17 de novembro de 1952 cásase co escritor Ramón Eugenio. Dous anos despois nace o seu fillo Juan Pablo.



Empezou a escribir con 17 anos. Ten varias novelas, contos e relatos para nenos: “Los niños tontos”, “La pequeña vida”,…

## PREMIO NOBEL 2010

É un novelista, articulista e ensaísta político peruano, recibiu o premio Nobel de literatura en 2010.

Estivo casado 2 veces e tivo 3 fillos. Ten a nacionalidade española, e tivo moitos premios e distincións.

Algunhas das súas obras son: “La fiesta del chivo”, “La ciudad y los perros”, “El sueño del celta” …





Mario Vargas Llosa



Manuel Lorenzo Gonzalez

## PREMIO BARCO DE VAPOR 2011

Naceu en Vilaboa en 1955. É un escritor galego, licenciado en pedagoxía, e profesor de Lingua e Literatura Galega, no instituto Torrente Ballester de Pontevedra.



Escribiu varias obras de literatura infantil como “Tanis I O Mocos”, “Irmán do vento”, “Unha pantasma no colexio” …

*Alumnado de 5º*


DEREITOS DE NENAS E NENOS
1º Teño dereito a que me respeten sen importar cal sexa meu color, relixión, sexo condición física ou lugar onde viva.
Maria
Son española
Javi
Son americano
2º Teño dereito a un nome e a unha nacionalidade.
3º Teño dereito a unha familia que me coide, me alimente, e me queira.
4º Teño dereito a recibir educación gratuita.
5º Teño Dereito a xogar
6º Teño dereito a protección contra o traballo infantil.
NON
7º Teño dereito a protección durante os conflictos armados.
8º Teño dereito a protección contra toda forma de crueldade abandono e explotación.
9º Teño dereito a recibir atención médica e a que se me coide cando estou enfermo.
10º Teño dereito a liberdade
Luis, Juan, Rosa, Raquel, Uxía, Noemi, Igor, Fabio.
Nenos e nenas de 2º
Dereitos de nenos e nenas. Dereitos de nenos e nenas. Dereitos de nenos e nenas. Dereitos de nenos e nenas. Dereitos de nenos e nenas...

# PROGRAMACION CULTURAL
## "Día das letras galegas"

Os alumnos e alumnas de educación infantil asistimos a unha sesión de contacontos e participamos nun obradoiro de control de atención e relaxación con monitores da **fundación DEVI**.





Aprendemos a coñecer as árbores do colexio e do parque con **D. Jaime Blanco- Dios**.



No **parque de educación vial de Mollabao** realizamos actividades prácticas de seguridade vial como conductores e como peóns.



Fixemos *arenoglifos* e estudamos a prehistoria cos profesores do **Instituto de Estudos Galegos "Pai Sarmiento"**.

Despois de ler o libro *Mil cousas poden pasar* tivemos unha divertida sesión de clase co seu autor e ilustrador **Jacobo Fernández Serrano**.





Fixemos unha excursión ata a **Illa de Medal**. **D. José María Acuña** falounos da illa e de D. Antonio Medal.



Visitamos as dependencias da **Policía Local** e o **Parque de Bombeiros**. Sempre están preparados para atender as emerxencias.



A escritora **Teresa González Costa** compartiu con nós unha sesión de clase para falar do seu libro *A filla do ladrón de bicicletas.*



Participamos no "**Roteiro dos Bolechas**", percorrendo o centro histórico de Pontevedra para coñecer as principias prazas.

# SERES FANTÁSTICOS

## NINFAS

As ninfas son seres fantásticos.
As ninfas do bosque normalmente son femininas e levan pouca roupa ou ningunha. Míraselles bailando entre a luz do sol polo medio das árbores. Cantan moi ben, imita aos paxaros e entenden a linguaxe dos animais e dos humáns. Sinten moita curiosidade polos humáns e arrisganse para ter a oportunidade de mirarnos e de poder tocarnos.

As veces as ninfas do bosque teñen unha aparencia infantil e son atraídas hacia outros tipos de árbores. Son moi xoguetonas e xogan con toda a natureza que hai ao seu arredor.

Teñen unhas ás moi grandes no seu lombo e unhas orellas moi afiadas, o seu cabelo é moi longo e moi belo.



# TROLLS



Os trolls son uns seres fantásticos moi especiais teñen a nariz longa e curvada e solo teñen catro dedos nas mans e nos pes, ademais de que alguns teñen rabo. Uns son enormes e outros pequenos, a uns medralles pelas e carrizas no seu corpo e incluso teñen a capacidade de metamorfosis, é dicir, transformanse en obxetos ou animais. Alguns dos trolls transformanse en mulleres moi fermosas e a única forma de saber si eran trolls, é descubrir se esas mulleres teñen rabo. Viven centos de anos debaixo das pontes, a maioría deles pero debido a súa natureza tímida sempre será un misterio o seu verdadeiro orixen e a súa forma de vida.

CLARA

# FADAS:

As fadas son uns seres fantásticas. Xeralmente son unhas mulleres fermosas. Teñen o pelo longo, os ollos acastañados cunhas ós longas. Son protectoras da natureza, produto da imaxinación. Algunhas delas conviertense en fadas por algunhas causas da natureza. Teñen poderes imaxinativos; as fadas son todas inocentes.

Hai clases de fadas como: Láminas: Fadas das casas. Ninfas: Fadas das fontes. Dríades: Fadas dos bosques. Sereas: Fadas dos mares. Silfides: Fadas dos ventos. Salamandras: Fadas do lume.



# OS GNOMOS



Os gnomos son moi pequenos, de aspecto humano, miden pouco menos de 50 cm. Os machos adultos teñen sempre a barba longa pode ser branca ou marrón, depende da idade e son moi anciáns chegan a vivir uns 150 anos. Os gnomos teñen un carácter sociable e moi alegre.

Normalmente vístense con roupa alegre e colorida. Een días especiais adornanse con follas e flores. Fan roupa con algodón, lá e pel. Teñen moita relación cos froitos secos. Teñen moita sabiduría e grandes coñecementos, enchen rápido a cesta de moras e frambruesos e teñen moito coidado en non estropealas.

Iris

# AS SEREAS



As sereas son seres impresionantes procedentes da mitoloxía grega.

A súa forma orixinal eran unha mestura de muller e ave; agora descríbense como mulleres novas con rabo de peixe.

As sereas distínguense por unha voz musical e atractiva irresistible que levan a perdición aos mariños.

Algunhas sereas eran criaturas bondadosas que axudaban aos navegantes, outras significaban mala sorte e predecían unha tormenta ou un naufraxio.

Andrea

# ASÍ SOMOS NÓS

*Alumnado de 5º*

Eu son de estatura media para a miña idade e son delgada.
Teño os ollos castaños, vivarachos e alegres. Teño unha pel morena con moitos lunares, así é que obriganme a botar crema solar.
Teño o pelo castaño con mechas rubias que son coma ríos de ouro. Visto case sempre con roupa deportiva, parezo unha verdadeira ximnasta.
Teño un carácter moi forte, ás veces, chego a pasarme moito, ainda que teño un bo fondo. Saco boas notas e son moi xenerosa.
Son demasiado hipocondríaca, sobre todo, coas persoas da miña familia.


Judit


Jesús

Mido 1 m con 48 cm, teño os ollos castaño-verdosos e unha pel clara. O meu pelo é acastañado, curto e rizo.
Teño o carácter dun gruñón , moi pouco alegre .
O meu pasatempo prefer ido é ir a unha casa, que está preto da miña, onde paso moito tempo contemplando uns gatos. Hai moitos, ao mellor vinte… .
Na casa non deixo de mover un cordón longo e azul mentras que miro a TV.
Tes que coñecerme. Son un bo rapaz .

Eu son baixa. Teño uns fermosos ollos castaños, de mirada penetrante, unha pel morena sen ningunha enruga porque son moi xovenciña.
O meu pelo é castaño con mechas rubias e o levo case sempre solto cunha diadema ou cunha pinza. Eso sí, nos días de calor se o levo solto súo moitísimo .
Visto cunha roupa "chuly" estos días con pantalón vaqueiro e unha camisa de manga curta .
Son moi alegre como as flores da primavera e as veces incluso ríome tanto que ao mellor choro. Son intelixente e xenerosa, sempre estou axudando a xente que mo pide. Por iso case todos se levan ben comigo.







Eu son alta e obediente. Os meus ollos son acastañados e moi bonitos, pequenos como pulgas. O meu pelo é corto e acastañado como os meus preciosos ollos, case sempre levo coleta posta. Cando me mandan facer algo fagoo, pero sempre me queda algo atrás. Son moi graciosa, polo menos e o que penso eu. Son xenerosa porque sempre que algunha persoa está chorando ou está triste, axudoa. Á hora de vestirme son moi sencilla e gústame moito a roupa corta. Na casa os "findes" fago as camas, recollo o meu cuarto, recollo o salón…e iso que son una dormilona.
Así é como son eu . ¡Ah! As veces teño o carácter un pouco forte, pero casi nunca.

Eu teño os ollos castaños e o pelo negro.
Son un neno alto, xogo un montón ao fútbol e encántame meter goles co meu equipo de fútbol: o Verdugo.
Son moi alegre, gustame moito que conten chistes porque por iso póñome máis contento e me rio.
Son un chaval moi tranquilo xa desde que nacín. E creo que son un pouco pesado.



# TRABALLARON POLA PAZ



**Mohandas Karmachand Gandhi**, líder pacifista hindú, mais coñecido popularmente como Mahatma Gandhi ("alma grande"), naceu en Porbandar (India) o 2 de outubro de 1869 e morreu o 30 de xaneiro de 1948 en Nova Delhi.

Despois de formarse pasou a tr aballar como avogado en Durban (Sudáfrica, África). Comeza a sú a traxectoria en contra das leis discriminatorias vixentes.

Despois da 1ª Guerra Mundial retorna á India e forma parte do movemento pola independencia do seu país con relación a Inglaterra. Utiliza como "armas" a desobediencia civil (desobedecer leis inxustas e discriminatorias), o boicot aos productos importados (especialmente os ingleses) e o xaxún (abstención de alimentos).

O 13 de zaneiro de a 948 inicia un xaxún en protesta contra a violencia cometida por indios e paquistaníes. O día 20 dese mismo mes sofre un atentado, do que sae ileso, pero o día 30 é asasinado a tiros por un hindú radical.

Antes de morrer pide o indulto do seu asasino. As súas cinzas foron esparcidas polo río Ganxes (río sagrado da India). Algunhas das súas frases universais foron ben coñecidas: "Ollo por ollo e o mundo acabará cego", "Non hai camiño para a paz, a paz e o camiño".



**Martin Luther King** naceu o 15 de Xaneiro do ano 1929 en Atlanta, EEUU e morreu asasinado na cidade de Memphis no 1968.

Durante a súa formación simpatizou coas ideas do lider hindú Gandhi, que se converteu en referente das súas protestas pacíficas.

En 1953 presidiu a gran marc ha pacifista sobre Washington, en contra do segregacionismo (separacion entre brancos e negros.)

Foi condecorado co premio Nobel da Paz en 1964.



**Wangari Maathai.** Esta activista política e ecoloxísta naceu o 1 de abril de 1940 en Nyieri (Kenia).

Estudou bioloxía nos EEUU e en Alemania. Logo volveu a Kenia, á Universidade de Nairobi, onde recibiu o primeiro título de Doutora otorgado a unha muller de África Oriental.

No ano 1977 funda o Movemento Green Bett (Cinto Verde), plantou máis de 20 millóns de árbores, nun intento por evitar a deforestación levado adiante maioritariamente por mulleres.

No ano 2004 recibiu o premio Nobel da Paz polas súas contribucións ao desenrolo sostible, á democracia e á paz. É a primeira muller africana que recibe este galardón.

*Alumnado do 3º ciclo*

# UN POUQUIÑO DE HUMOR: OS CHISTES DOS NENOS E NENAS DE PRIMEIRO

Va un señor a un restaurante
y ledice al camarero:
—Quiero sopa. y el camarero
le trae la sopa.
Pero una mosca se mete en la sopa.
Y dice el señor: -Tengo una mosca en la sopa. Y ledice
camarero: ?Qué quiere que le eche un salvavidas¿



(Abril)

Dous mosquitos van nuhna moto e di o de
detrás ao de diante:
—¡eh para que se me meteu uhna mosca no
ollo!



(Candela)



(Ainoa e Cecilia)

Abrese o telón e aparecen unha
rata e duas barras de pan.

Como se chama a pelicula?
RATA PAN PAN



Nunha farmacia entra un señor e pregunta:
–Ten pastillas para facer "caca"?
–Non xa se acabaron... pero podemos darlla feita.

(Hayden)



–¡Camarero, este plátano está blando!
–Pues dígale que se calle!

(Iago e Nerea)

Vai un gato que está perseguindo a dous ratos. De repente, un rato di "guau guau". O gato largase. Entonces o rato di: "ves o bo que é saber idiomas?"

(Jeray)




Una uva verde le dice a una morada:
–¡Respira, tío, respira! ¡Que tu culo explota!



(Sergio)

-Camareiro! Hai un pelo na miña sopa e non é meu!
Non se preocupe. Señor, la arañaque esta en su pan seocuparade el.



(Lucas)



(Marta)

-¿Dígame?
-¿Es la embajada de Laos?
-Sí
-Pues envíeme uno de fresa y otro de chocolate.

¿Porque los franceses comen caracoles?
Porque no les gusta la comida rápida.



(Noa)

Va Jaimito con su abuela por la calle.
Encuentra una monda de plátano y la coge. La abuela dice: -No se cogen cosas del suelo. Entonces Jaimito la tira delante de la abuela y la abuela la pisa y se cae ¡cógeme, cógeme!
No abuela, no se cogen cosas del suelo.



# OS CASTELOS



DURANTE O 2º TRIMESTRE OS NEN@S DE EDUCACIÓN INFANTIL ESTIVEMOS APRENDENDO MOITAS COUSAS SOBRE OS CASTELOS, XA QUE RECIBIMOS UN MISTERIOSO PERGAMIÑO DUN BUFÓN PEDÍNDONOS AXUDA PARA RESCATAR Á PRINCESA...

ASÍ POIS, PUXÉRONSE A TRABALLAR AS NOSAS CABECIÑAS PARA VER SE SABIAMOS O SUFICIENTE PARA RESCATAR Á PRINCESA E AXUDAR AO CABALEIRO TRSITE.

**QUE SABEMOS DOS CASTELOS?**




**QUE QUEREMOS SABER?**




COMO NON COÑECIAMOS O SUFICIENTE PUXÉMONOS A INVESTIGAR E PEDÍMOSLLE AXUDA ÁS FAMILIAS, QUE NOS AXUDARON CON COUSAS TAN BONITAS COMO ...











PUXÉMONOS EN ESCEA COA DECORACIÓN DO COLE E DAS NOSAS AULAS, MIRADE QUE BONITAS NOS QUEDARON!






AO FINAL CONSEGUIMOS RESCATAR Á PRINCESA, PERO PARA QUE VEXADES TODO O QUE TRABALLAMOS, DEIXÁMOSVOS AQUÍ UNHA MOSTRA:



E. Infantil

# ALGUNHAS ÁRBORES DO NOSO PATIO

**Nome común galego:** Nispereiro
**Nome castelán:** Níspero
**Nome científico:** Eriobotyae Japonica Linl



**Características**

**Orixe:** Extremo Oriente (China).

**Folla:** Folla perenne. Lanceolada, entera e penninervia.

**Utilidade:** Cultívase polos seus froitos, e con utilidade ornamental.



**Outros datos:** A pesar de que o seu nome latín fai referencia a Germania, é originario de Asia Menor e o sudeste de Europa e foi levado a Alemania polos romanos. Actualmente, os cultivos do nispereiro xaponés, sustitúen a os do europeo, que non soe atoparse nos mercados. O nispereiro alcanza os 6 m de altura aínda que nas mellores condicións de cultivo pode sobrepasar os 8 m. Os nísperos aportan unha gran cantidade de minerais e vitaminas, sen esquecer a auga. A súa maduración é temprana (marzo-abril). É coñecida como a "froita da beleza" polas sías propiedades nutritivas. Ao largo do mes de xuño pódese seguir degustando esta froita, e pódense facer con ela marmeladas, postres e licores.



**Nome común galego:** Freixo
**Nome castelán:** Fresno
**Nome científico:** Fraxinus excelsior



**Características**

**Orixe:** Europa a Asia menor

**Folla:** Aserrada, lanceolada e caduca.

**Utilidade:** Ornamental. As follas utilízanse para facer infusións.

**Outros datos:** mide de 8 a 12 m pero pode chegar a medir 40 m. Florecen en primavera por abril ou maio.



A leña desta árbores é moi bo combustíbel e dá un carbón de primeira calidade xa que arde mesmo estando verde. As varas empréganse na cestería, e as follas como forraxe, moi apreciada para o engorde do gando.

As follas en infusión téñense empregado como laxante e diurético, e tamén para combater as enfermidades renais e a reuma.

A cortiza pode empregarse para baixar a febre e tamén como aromática, tónica e expectorante.

**Nome común galego:** Bidueiro
**Nome castelán:** Abedul
**Nome científico:** Betula utilis



## Características

**Orixe:** oeste do Himalaia (Cachemira…).

**Folla:** forma do limbo ovada, borde de limbo aserrada, nerviación penninervia. Caduca.

**Utilidade:** é fundamentalmente unha árbore ornamental.

**Outros datos:** ben da familia da Betulaceae. Denomínase a árbore da sabedoria. Na rexión de Cachemira a casca usouse como papel. O nome específico *utilis* refírese á utilidade da casca como papel.



Posúe tamén múltiples cualidades mediciñais coma antiséptico, antiinflamatorio ou diurético.

No Imperio Romano o bidueiro era símbolo de poder e autoridade e as súas pólas empregábanse para adornar a testa das persoas importantes.

**Nome común galego:** Moreira
**Nome castelán:** Morera
**Nome científico:** Morus alba



## Características

**Orixe: a** especie e nativa de Asia central  e do norte de India.

**Folla:** oval e dentada

**Utilidade:** é moi utilizada como ornamental pero tamén se cultiva polas súas follas, único alimento dos vermes de seda, cuxos capullos se utilizan para fabricar seda.

**Outros datos:** O nome xenérico Morus foi dado polos romanos, e deriva do grego Morón que significa negro, aludindo quizais á cor dos froitos das moreiras. O específico alba (branco) fai referencia á cor característica dos froitos desta especie.



As raíces e os froitos proporcionan tintes para tecidos.

Coas fibras da cortiza poden elaborarse cordas de gran resistencia e calidade.

**Nome común galego:** Carballo
**Nome castelán:** Roble
**Nome científico:** Quercus robur



**Características**

**Orixe:** Asia e América.

**Folla:** Ovobada, lobulada e caduca.

**Utilidade:** Árbore utilizado tradicionalmente para facer mobles, para a construcción de casas ou para travesas de trens.

**Outros datos:** O seu froito son as landras.
O Carballo crece nos chans con humidade. Común en toda Galicia, o carballo está en regresión debido sobre todo á actividade humana e á substitución das zonas onde había carballeiras por piñeiros ou eucaliptos.



Cando algúns insectos fan a súa posta de ovos nun carballo, prodúcense os bugallos.
O seu nome científico robur, empregábano os romanos para chamar á madeira dura e de gran solidez.
A madeira de carballo úsase para construir toneis e barcos e produce un bo carbón.

**Nome común galego:** Salgueiro chorón.
**Nome castelán:** Sauce llorón.
**Nome científico:** Salix Babylónica.



**Características**

**Orixe:** Babilonia.

**Folla:** Lanceolada, bitrifoliada, aserrada, penninervia, caduca.

**Utilidade:** Sombra, leña, postes para cercas.

**Outros datos:** É unha árbore que pertence á familia salicáceas e é nativo do leste de Asia, en especial do norte de China. Mide dende 8 a 12 m de altura.



Ten ramas delgadas, flexibles, colgantes case ata o chan.
As flores aparecen á vez que as follas en Abril ou Maio e agrúpanse nunha especie de espigas colgantes amarelas ou verdosas; son unisexuales e dispóñense en árbores diferentes.
O extracto da súa codia (salicina) foi o precursor natural da actual Aspirina (ácedo acetil-salicílico). Por iso no antigo Exipto se empregaba contra as dores e a febre.




*Alumnado de 5º*

# GOTAGOTHAM



O 18 de novembro os alumn@s de 5º e 6º fomos á planta potabilizadora do río Lérez. Alí recibíronnos uns científicos tolos, o señor Gota, e a señora Tan. Os dous eran moi graciosos e levaban unha pinta moi rara coas súas perrucas. Entramos con eles as instalacións da planta e alí vimos unha película que explicaba o ciclo da auga e a súa importancia.

Tamén vimos o ciclo urbano da auga, e facendo as nosas pesquisas no colexio estudiamos dito ciclo na cidade de Pontevedra. A auga para a planta potabilizadora recóllese en dous sitios, no embalse do Pontillón e directamente do rio Lérez , mais ou menos a 3 Km de Pontevedra, despois a auga potabilízase e dirixe se aos depósitos situados en diferentes puntos da rede de distribución. Dende os depósitos lévase as casas a través de dita rede de distribución que neste caso mide 221 km. Unha vez utilizada a auga vai polos sumidoiros a depuradora de Placeres onde se consegue devolver este auga ao medio natural cos mínimos riscos ambientais, ou se destina a usos secundarios como rego de xardíns, etc.



Despois fomos ver o proceso de potabilización da auga, estivemos nos distintos estanques polos que pasa e vimos as diferentes técnicas de filtrado así coma os residuos que quedaban de dito proceso, era moi curioso pois os residuos pasaban por unha máquina que os prensaba e quedaban como galletas.

Volvimos a entrar na planta e alí xogamos a xogos clásicos como a Oca pero con variantes, de maneira que os personaxes eran os protagonistas da película que víramos con anterioridade. Despois regaláronnos a cada neno un diploma, un vaso e unha gorra, e para o colexio unha caixa cos xogos.

Montamos no autobús e fomos o embalse de Pontillón do Castro, e despois de volta ao cole.



*Alumnado de 6º*






Nenos e nenas de 2º

DURANTE O 2º E 3º TRIMESTRE ESTIVEMOS TRABALLANDO AS PLANTAS.

XA SABEMOS MOITAS COUSAS SOBRE AS ARBORES, AS PLANTAS AROMATICAS E MENCIÑAS.

## SEMENTAMOS



## EXPERIMENTAMOS






TAMÉN REALIZAMOS OBRADOIROS COS QUE APRENDIMOS ALGUNHAS UTILIDADES DAS PLANTAS!

## MANTEIGA DE OUREGO





## INFUSION DE MENTA





## PERFUMES



# CONCURSOS ESCOLARES

## Campaña escolar de educación viaria 2010/11

Dende a coordinación de Educación Viaria da Policía Local do concello de Pontevedra, co obxecto de impulsar e fomentar a educación viaria, ponse en marcha cada curso unha campaña educativa dirixida ao alumnado de 5º curso de Primaria dos colexios do concello, que inclúe charlas, obradoiros prácticos e interesantes concursos.

- **Concurso mensaxes SMS curtos**

Traballos premiados do CEIP de Ponte Sampaio:

Certificase que o alumno ANXO OTERO GONZÁLEZ do Colexio CEIP PONTESAMPAIO, foi selecionado como uns dos gañadores dun MP4, pola menxase SMS felicitando o nadal educación viaria.
Procedese a entrega do premio no acto de peche de Campaña, que se celebrará o día Luns 2 de Maio de 2011 no Pazo de Cultura as 11:00

Pontevedra a 25 de Abril de 2011

Coordinador de Educación Viaria
Antonio Duarte Solla

Certificase que o alumno JESÚS ACUÑA SEOANA do Colexio CEIP PONTESAMPAIO, foi selecionado como uns dos gañadores dun MP4, pola menxase SMS felicitando o nadal educación viaria.
Procedese a entrega do premio no acto de peche de Campaña, que se celebrará o día Luns 2 de Maio de 2011 no Pazo de Cultura as 11:00

Pontevedra a 25 de Abril de 2011

Coordinador de Educación Viaria
Antonio Duarte Solla

**Agasallos, panxoliñas,**
**amistade e calor do lar.**
**Lembra, ....**
**O IMPORTANTE É CHEGAR!**

**Se vas polas rúas**
**e queres cruzar,**
**as raias de cebra**
**debes pisar.**

## Concurso escolar de Debuxo e Deporte: A Mascota do Tríatlon Pontevedra 2011




En relación ao Concurso de Debuxo Escolar Concello de Pontevedra: A Mascota do Triátlon 2011 comunicamos que:

...

b) Por outra banda, o xurado reuniuse o luns 11 de abril de 2011 para deliberar os premiados que incluímos a continuación ...

Categoría A: Nenos e nenas de 6 a 8 anos

- 3º PREMIO: CENTRO EDUCATIVO: CEIP DE PONTESAMPAIO - NOA DA SILVA ALVAREZ - 3º PRIMARIA

Dou saltos de alegría
porque chega o carnaval
vai a ser excepcional
¡vamos ir de romería!



Na corrida do galo
os peques se matarán
a quitarlle a pluma
moito se cansarán

ENTROIDO

Quixera a filloa ser máis rica
para que a xente
sempre repita.



Hai unha cousa moi boa
que é o carnaval
incluso a miña avoa
se disfraza de animal

Co entroido a chegar
o disfraz hai que preparar

Este martes de carnaval
de Indiana Jones voume disfrazar

O carnaval é o mellor
moito riso e moito humor



2011

A ritmo de samba
no carnaval
a xente baila

5º curso

# FOMOS NOTICIA



## ¡Que le den calabazas al Samaín!

Los centros educativos infantiles de Pontevedra y alrededores organizan divertidas actividades [para] celebrar el Samaín ▸ La Praza da Verdura acoge mañana numerosos talleres infantiles sobre la fe[sta]

Disfraces, poemas, música y exposiciones de trabajos elaborados por los alumnos fueron los principales atractivos de la jornada



**Educación** Alumnos de Ponte Sampaio se conciencian con el medio ambiente



## Un día de 'cole' entre anguilas

▸ Un grupo de 19 alumnos del CEIP de Ponte Sampaio y dos tutores disfrutan de una jornada de pesca con la Agrupación de Naseiros Alvedosa



## Non hai cogomelo que se lles resista!

[O]s rapaces e rapazas do CEIP Ponte Sampaio dedicaron o pasado mes [d]e novembro a coñecer máis de preto o mundo dos cogomelos e outros [ali]mentos típicos do outono.

### O'show' debe continuar!



**▸Proyecto** Los niños de Infantil del CEIP Ponte Sampaio liberan a la princesa encerrada en las mazmorras del castillo de Soutomaior

Los alumnos de Educación Infantil del CEIP Ponte Sampaio terminaron el proyecto didáctico de este trimestre 'Os castelos' con una visita al castillo de Soutomaior. La misión consistía en liberar a la princesa encerrada en las mazmorras del castillo y encontrar a la bruja 'Patuxa' para darle el bebedizo que la convertiría en una bruja nueva.

DIARIO DE PONTEVEDRA | miércoles, 6 de abril de 2011



**▸Reunión** Grandes y pequeños se unen a las actividades de Ponte Sampaio

Los que tampoco renunciaron a pasárselo en grande fueron los alumnos y profesores del colegio de Ponte Sampaio, que invitaron a sus padres para presenciar la 'Queima do Meco' y desgustar los postres más típicos de estas fechas.



medo

## Coñecendo a maxia do maquillaxe

Os rapaces de terceiro ciclo de Educación Primaria do CEIP Ponte Sampaio participaron a semana pasada nun obradoiro de maquillaxe que os deixou así de guapos! María Rodríguez e Raúl Caballero foron os responsables de impartir o obradoiro. Esqueletos, tigres, zombies, coellos... Foron varios os motivos que se elixiron para esta actividade. Se aprenderon ben os trucos e se atreveron a saír así á rúa seguro que foron os máis orixinais nas festas do Entroido a pesar deste aspecto tan terrorífico e de crerse tanto os seus papeis!




monte para recoller eles mesmos aos protagonistas desta actividade desenvolvida no CEIP Ponte Sampaio aínda ten que esperar. Seguro que todo o aprendido permitirá que poidan esperar ata o ano que vén sendo igual de expertos.



**▸Excursión** Alumnos del CEIP Ponte Sampaio realizan el Roteiro Castelao

El alumnado de tercer ciclo del CEIP Ponte Sampaio realizó esta semana el recorrido cultural propuesto por el Roteiro Castelao, visitando el Museo de Pontevedra y diferentes espacios emblemáticos de la ciudad.

DIARIO DE PONTEVEDRA | viernes, 1 de abril de 2011



4. o noso álbum

## Unha xornada de colexio entre anguías

A Ría de Vigo foi o escenario dunha xornada especial para 19 alumnos do CEIP de Ponte Sampaio. Os pequenos coñeceron os segredos da pesca da anguía, ese peixe alongado con apariencia de serpe que namora co seu movemento zigzagueante. FOTOS RAFA ESTÉVEZ

# PARA APRENDER

**1.-** Lembras cómo se chama o primeiro dos *"Contos Pequerrechos"* ?

*O río* *As cigoñas* *A lagoa* *Un soño incrible* *A auga*

**2.-** Tenta debuxar ao cocho Isaías que nos deixou Jacobo Fernández Serrano:




**3.-** Verdadeiro ou falso:

Os cogomelos venenosos sempre teñen cores intensas. ☐

Os cogomelos poden conservarse desecados, en aceite, conxelados … ☐

**4.-** A que cantante famoso xa falecido se parecía unha galiña da granxa Kiriko?

**5.-** Escribe o nome de 3 pokemon que aparezan no cómic do 2º ciclo:

**6.-** A quen lle concederon o premio Nobel de literatura no ano 2010?


Ana Mª Matute


Mario Vargas Llosa


Manuel Lorenzo González

**7.-** Ponte diante dun espello para descubrir os nomes das árbores:



**8.-** Cal destes personaxes conseguiu o 3º premio no concurso de debuxo da mascota do Tríatlon?











# Sumario

Limiar .......... 2
Recordamos a .......... 3
Os nosos mestres .......... 4
Orla dos profes .......... 5
Contos pequerrechos .......... 6
Visitáronnos e agasalláronnos .......... 11
Cogomelos .......... 12
O que nos gusta da escola .......... 14
O ciclo da auga .......... 15
Salón do libro .......... 16
Os bodegóns .......... 18
Our last school year.......... 19
Granxa Kiriko .......... 20
Textos turulatos .......... 21
Os pokemos salvan Xapón .......... 22
Sakapatú .......... 25
Coidadores de vermes .......... 26
Foron noticia .......... 28
Dereitos de nenos e nenas .......... 29
Semana cultural .......... 30
Seres fantásticos .......... 31
Así somos nós .......... 34
Traballaron pola Paz .......... 36
Un pouco de humor .......... 37
Os castelos .......... 40
Algunhas árbores do patio .......... 42
O naseiro e eu .......... 45
Gotagotham .......... 46
Visita á Biblioteca .......... 47
As plantas .......... 48
Concursos escolares .......... 49
Rimas do Entroido .......... 50
Fomos noticia .......... 51
Para aprender .......... 52

**O equipo de Normalización e Dinamización Lingüística manifesta que algúns traballos presentan incorreccións ligüísticas propias das idades dos alumnos/as.**

**Aínda sendo comentadas e explicadas polo profesorado responsable, non foron correxidas, respectando na maioría dos casos a presentación orixinal.**